

Orde do de de 2018 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas de niveis non universitarios prevé no seu artigo 3.2 que nos convenios que a Administración educativa estableza con outras administracións públicas, universidades, institucións, entidades ou empresas públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para realizar actividades educativas, para o desenvolvemento de programas, unidades ou centros, poderá, de ser o caso, determinarse o sistema de cobertura de prazas que poidan resultar necesarias para o cumprimento deles. A provisión das prazas para cubrir pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizarase a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal, con reserva do posto de traballo de orixe, polo período de tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder de seis anos.

Así mesmo, o artigo 5 do dito decreto establece que se poden cubrir por este mesmo procedemento aquelas prazas que favorezan a elaboración de proxectos, innovacións curriculares ou metodolóxicas, entre as cales existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Ao ser necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a Administración educativa e distintas institucións ou entidades a que se refire o citado artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, e outras incluídas no artigo 5 do dito decreto, e tendo en conta a habilitación que figura na disposición derradeira primeira do mesmo decreto, que autoriza o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

Convocar un concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para adxudicar en comisión de servizos as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Artigo 2. *Participantes e requisitos*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que estea en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2017-2018 e que estea en posesión do título de perfeccionamento en lingua galega ou do certificado de lingua galega (Celga 4) ou certificación ou validación equivalente.

Enténdese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia o 31 de agosto de 2018 aquel persoal docente que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada e datada polo persoal funcionario antes de ser certificada.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase a renuncia á

participación no concurso de méritos específico dentro do prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no punto 4 do artigo 6, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

Artigo 4. Solicitudes e documentación

Aínda que concurse a máis dunha praza o persoal concursante presentará unha única solicitude axustada ao modelo que figura como anexo III, coa que achegará cuberta a folla de autobaremación que figura como anexo IV e a documentación que se indica no baremo que figura como anexo II para a acreditación dos méritos que alegue.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos dos méritos alegados que xa figuren no seu expediente persoal na aplicación informática www.edu.xunta.es/datospersoais.

No caso de que o persoal participante posúa méritos que non consten no seu expediente ou que sexan incorrectos, deberá xerar unha nova instancia na aplicación www.edu.xunta.es/datospersoais e, xunto cunha copia compulsada dos méritos alegados, achegala coa solicitude de participación neste concurso específico.

As persoas concursantes presentarán ademais un proxecto de traballo por cada posto que soliciten, que versará sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes a cada posto, tendo en conta as características destes, cunha extensión máxima de 20 folios por proxecto.

Artigo 5. Comisión de selección

1. A selección das persoas aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou membros da inspección educativa, e o director da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa en quen delegue.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración. Ademais, poderá asistir unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coide pertinentes. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear unha persoa representante, con voz e sen voto, para a asistencia ás sesións das subcomisións.

3. Para a valoración dos números 1, 2, 3.1 e 3.2 do baremo establecido no anexo II, a comisión de selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por persoal funcionario da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 6. *Procedemento de selección e proposta de nomeamento*

1. Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 4 puntos no/s proxecto/s poderá ser convocado pola comisión de selección á celebración dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o/s proxecto/s presentado/s.

2. O persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 4 puntos no correspondente proxecto e de 4 puntos na entrevista, no caso de ter lugar, non poderá ser proposto pola comisión. Será seleccionado o persoal aspirante que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acade as maiores puntuacións no total dos puntos recollidos no baremo establecido no anexo II para a praza que solicita.

3. No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos apartados 1, 3.3, 3.1, 3.2, e 2.

4. Logo de realizada a valoración pola comisión, publicarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es a relación provisional de persoas admitidas co baremo provisional dos méritos, e a relación provisional de persoas excluídas con indicación da causa da súa exclusión. Contra a relación provisional de persoas admitidas co baremo provisional e a relación provisional de persoas excluídas, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren, no prazo de cinco días hábiles contados dende o seguinte ao da súa publicación, e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es. As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas mediante a publicación da resolución definitiva.

5 Rematado o prazo de reclamacións previsto no apartado anterior e revisadas as presentadas polas persoas interesadas, a comisión de selección emitirá unha proposta de nomeamento dirixida ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 7. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria ditarase polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes que afecte.

Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 8. Toma de posesión

As persoas seleccionadas deberá incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2018, e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos, por un período dun ano e ata un

máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo.

Disposición derradeira primeira. Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta Orde.

Disposición derradeira segunda.

1. Os requisitos para participar nesta convocatoria e os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.

2. Todos os méritos que consten no expediente do persoal participante non terán que xustificalos.

3. No que atinxe á antigüidade non se computarán as fraccións inferiores a un ano.

4. A titulación de grao valorarase como unha titulación de segundo ciclo sempre e cando non sexa a alegada para o ingreso non corpo.

5. As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG n.º 96, do 22 de maio).

Disposición derradeira terceira. Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017
O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

ANEXO I

n.º do posto					
1	Escola de Especialidades Antonio de Escaño-Ferrol (A Coruña)				
	Corpo	Código	Especialidade	Código	N.º prazas
	Profesores de ensino secundario	590	Formación e orientación laboral	105	1
	Profesores de ensino secundario	590	Navegacións e instalacións mariñas	109	2
	Profesores de ensino secundario	590	Sistemas electrónicos	124	5
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Equipos electrónicos	202	2
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Máquinas, servizos e produción	210	3

n.º do posto					
2	Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de Graña-Ferrol (A Coruña)				
	Corpo	Código	Especialidade	Código	N.º prazas
	Profesores de ensino secundario	590	Administración de empresas	101	2
	Profesores de ensino secundario	590	Hostalaría e turismo	106	1
	Profesores de ensino secundario	590	Navegacións e instalacións mariñas	109	2
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Cociña e pastelería	201	2
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Máquinas, servizos e produción	210	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Procesos comerciais	221	1

n.º do posto					
3	Convenio: Consellería de Economía, Emprego e Industria				
	Destino: Centro Integrado de Formación Profesional de Coia-Vigo				
	Corpo	Código	Especialidade	Código	N.º prazas
	Profesores de ensino secundario	590	Organización e proxectos de fabricación mecánica	112	2
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Mecanizado e mantemento de máquinas	211	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Instalacións electrotécnicas	206	1

n.º do posto		
4	Denominación das prazas: asesor/a Abalar de Zona: apoio aos centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o proxecto Abalar	
	Destino	Amtega. Situados fisicamente en: Ferrol, Allariz, O barco de Valdeorras e Tui
	Prazas	4 prazas
	Funcións	<p>A función principal é o apoio aos centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o proxecto Abalar. Entre estas caben destacar:</p> <p>Soporte in situ, asesoramento e formación na instalación e utilización dos servizos educativos que se lles ofertan aos centros educativos.</p> <p>Soporte técnico in situ á infraestrutura informática e de comunicacións.</p> <p>Apoio e atención aos centros docentes da súa zona con relación a calquera aplicación ou sistema informático corporativo implantado ou que se vaia implantar neses centros.</p> <p>Asesoramento sobre as necesidades de formación do persoal dos centros docentes en relación cos servizos educativos ofertados.</p>
	Requisitos	<p>Coñecemento da realidade educativa, social e tecnolóxica dos centros educativos da zona de influencia da asesoría.</p> <p>Coñecemento dos programas, plans e actuacións no ámbito das TIC nos centros educativos.</p> <p>Coñecementos pedagóxicos sobre o aproveitamento das TIC no ámbito educativo.</p> <p>Coñecemento das tecnoloxías da información e da comunicación a nivel usuario avanzado incluíndo, entre outros, a capacidade de instalar e configurar equipamentos informáticos en rede e os seus dispositivos periféricos.</p> <p>Experiencia en traballo en equipo.</p>

n.º do posto		
5	Denominación da praza: asesor/a Abalar XADE	
	Destino	Amtega. Santiago de Compostela
	Prazas	1 praza
	Funcións	<p>A función principal é dirección funcional do desenvolvemento do sistema de información corporativo de xestión administrativa da educación, destacando:</p> <p>Análise e deseño das necesidades e requirimentos do sistema corporativo para a xestión administrativa da educación.</p> <p>Asesoramento e formación de usuarios sobre o sistema de información corporativo para a xestión administrativa da educación.</p> <p>Asesoramento nas consultas, necesidades e incidencias relativas ao dito sistema.</p>
	Requisitos	<p>Coñecementos da lexislación e normativa do sistema educativo galego.</p> <p>Coñecemento da realidade educativa e tecnolóxica dos centros educativos.</p> <p>Coñecemento das tecnoloxías da información e da comunicación a nivel usuario avanzado incluíndo, en particular das ferramentas informáticas para a xestión administrativa da educación (XADE).</p> <p>Experiencia en traballo en equipo.</p>

n.º do posto		
6	Denominación das prazas: asesor/a Abalar desenvolvemento	
	Destino	Amtega. Santiago de Compostela
	Prazas	2 prazas
	Funcións	Análise e desenvolvemento de aplicacións web corporativas. Asesoramento e formación de usuarios sobre aplicacións web corporativas.
	Requisitos	Experiencia en análise e programación de aplicacións web dinámicas. Experiencia en traballo en equipo. Coñecementos de programación en Java ou en PHP. Coñecementos de BD Relacionais.

n.º do posto		
7	Programa específico: Consellería de Sanidade	
	Destino	12.1 Complexo Hospitalario de Pontevedra 12.2 Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol
	Prazas	1 praza para mestres/as: Pontevedra 1 praza para mestres/as: Ferrol
	Funcións	Proseguir a formación dos/das nenos/as durante a permanencia no hospital, sen que a actividade docente cause prexuízos ao seu benestar e non obstaculice os tratamentos correspondentes. Manter hábitos de estudo. Coordinación cos centros educativos aos que asisten normalmente. Estimular a actividade creativa para evitar o aburrimiento. Dar un carácter positivo e contido formativo aos tempos libres e de ocio no hospital.
	Requisitos	Persoal funcionario de carreira do corpo de Mestres
	Observacións	Horario adaptado ás necesidades do centro

n.º do posto		
8	IES de Sabón	
	Destino	IES de Sabón
	Prazas	1 praza para profesores técnicos de formación profesional, especialidade: cociña e pastelería.
	Funcións	Impartir o módulo de F. P. básica
	Requisitos	Profesor/a técnico/a de formación profesional coa especialidade sinalada

n.º do posto		
9	Convenio: ONCE	
	Destino	Centro base da ONCE: Lugo.
	Prazas	Lugo: 1 mestra/e.
	Funcións	Atención á educación integrada de invidentes e deficientes visuais, cunha intervención directa, presencial e personalizada coa/o alumna/o. Atención á familia. Asesoramento ao profesorado da aula. Adaptación de materiais.
	Requisitos	Dispoñibilidade de vehículo particular.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

ANEXO II

CONCEPTOS	PUNTUACIÓN	TOTAL PUNTOS MÁXIMO	DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS
<p>1.- Antigüidade: Por cada ano de servizo como funcionario/a.</p>	0,50 puntos	5 puntos	
<p>2.- Méritos académicos: As titulacións no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte: (Titulacións distintas as alegadas para ingreso no corpo no concurso de traslados)</p> <p>2.1.- Polo título de doutora/doutor.....</p> <p>2.2.- Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñería, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes.....</p> <p>2.3.- Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura.....</p> <p>2.4.- Título de grao.....</p>	<p>1 punto</p> <p>0,50 puntos</p> <p>0,25 puntos</p> <p>0,50 puntos</p>	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
<p>3.- Formación e perfeccionamento:</p> <p>3.1.- Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados).....</p> <p>3.2.- Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 3 horas).....</p> <p>3.3.- Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ó que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).....</p>	<p>Ata 2 puntos</p> <p>Ata 1 punto</p> <p>Ata 3 puntos</p>	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
<p>4.- Proxecto de traballo: O proxecto de traballo deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita..... (puntuación mínima esixida por este apartado: 4 puntos)</p>	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
<p>5.- Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima esixida por esta epígrafe: 4 puntos).</p>	Ata 6 puntos pola entrevista	Ata 6 puntos	



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos.	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF	
NACIONALIDADE	DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO		
TIPO	NOME DA VÍA		NUM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PAÍS	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
CORPO	ESPECIALIDADE		DESTINO CURSO 2016/2017			

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA		
NÚMERO DE POSTO	DENOMINACIÓN	ORDE DE PREFERENCIA

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE						
Lugar e data						
			,		de	
					de	

ANEXO IV

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
NOME	DNI	NRP	

CONCEPTO	PUNTUACIÓNS PARCIAIS	TOTAL
1.- ANTIGÜIDADE (Máximo 5 puntos)		
Por cada ano de servizo como funcionario/a.....	0,50	
2.- MÉRITOS ACADÉMICOS (Máximo 2 puntos)		
2.1 - Polo título de doutor/a.....	1	
2.2.- Titulacións segundo ciclo.....	0,5	
2.3.- Titulacións primeiro ciclo.....	0,25	
2.4.- Título de grao.....	0,50	
3.-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (Máximo 6 puntos)		
3.1.- Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por cada 10 horas).....	Ata 2 puntos	
3.2.- Por outras actividades de formación (0,10 puntos por cada 3 horas).....	Ata 1 punto	
3.3.- Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ó que se pretende acceder. (0,10 puntos por cada 10 horas).....	Ata 3 puntos	

